

Materia	MATEMÁTICAS	Pág.	1
Curso	6º de Primaria		
Profesor	Graciela Portela Freire		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións) (A temporalización é meramente informativa. Pode sufrir variacións)		
1ª AVALIACIÓN Unidades:1-5 -Números naturais Lectura, escritura, descomposición, comparación e ordenación de números de ata novecifras. Resolución de problemas -Números enteiros Utilización, comparación e ordenación de números enteiros. Resolución de problemas -Números decimais e operacións Suma, resta, multiplicación e división de números decimais. Resolución de problemas. - Fraccións e operacións Expresión dunha fracción, comparación de fraccións, suma e resta de fraccións. Resolución de problemas. -Múltiplos e divisores .Múltiplos e divisores dun número. Cálculo do mínimo común múltiplo e do máximo común divisor...	2ª AVALIACIÓN Unidades:6-10 -Potencias e raíz cadrada Lectura, escritura e cálculo de potencias. Resolución de problemas. Cálculo da raíz cadrada dun número. - Proporcionalidade e porcentaxes Series de números proporcionais. Cálculo de porcentaxes. Resolución de problemas. - Lonxitude, Capacidade e Volume, Superficie .As unidades de lonxitude, de capacidade, de masa, de superficie e as súas relacións. Resolver problemas con unidades de medida	3ª AVALIACIÓN Unidades:11-15 -Ángulos Equivalencias entre unidades de medida de ángulos. Suma e resta de ángulos. Resolución de problemas -Las figuras xeométricas. Área de cadrados, rectángulos, rombos, romboídes, triángulos, círculos. Resolución de problemas -Corpos xeométricos .Prismas e Pirámides: clases e identificación .Cálculo do volume -Estatística Media, mediana e moda -Probabilidade.
OBXECTIVOS		
. Ler, escribir, descompoñer e representar números de ata nove cifras . Recoñecer , utilizar e resolver problemas con números enteiros. . Sumar , restar, multiplicar, dividir e resolver problemas con números decimais. . Recoñecer e obter múltiplos dun número. . Recoñecer se un número é divisor doutro. . Expresar fraccións maiores que a unidade como número mixto e viceversa. . Sumar, restar ,multiplicar e dividir fraccións. . Resolver problemas realizando operacións con fraccións . Ler ,escribir e calcular potencias . Calcular raíces cadradas sinxelas . Aplicar o cálculo de potencias e raíces cadradas á resolución de problemas. . Recoñecer o grao, o minuto e o segundo como unidades de medida de ángulos. . Recoñecer cal é a suma dos ángulos dun triángulo. . Calcular a lonxitude dunha circunferencia. . Resolver problemas de proporcionalidade e de porcentaxes		

- . Recoñecer e utilizar as unidades de lonxitude , capacidade, masa e superficie, e as súas equivalencias.
- . Realizar cambios dunhas a outras e resolver problemas.
- . Calcular a área de paralelogramos, triángulos, polígonos regulares e círculos.
- . Recoñecer e diferenciar prismas , pirámides , corpos redondos e poliedros regulares, e os seus elementos.
- . Calcular volumes de ortoedros e cubos.

METODOLOXÍA

- A metodoloxía será activa , participativa e globalizadora, favorecendo a integración dos alumnos/as na dinámica xeral da aula para a adquisición das aprendizaxes.
- Arbitraranse dinámicas que fomenten o traballo en grupo, partindo do noso contorno.
- A linguaxe utilizada será clara e sinxela e a gradación das actividades fará que aparezan en último lugar as que requiren maior esforzo.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación practicarase da seguinte maneira:

- **Individualizada:** centrándose na evolución de cada alumno/a, e na súa situación inicial e particularidades.
- **Cualitativa :** onde se aprecian e avalían de forma equilibrada os distintos niveis de desenvolvemento do alumno/a-.
- **Orientadora :** achegando ao alumno/a a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe.
- **Continua :** contrastando os diversos momentos de aprendizaxe pasando por unha fase
- **Inicial :** que nos achega datos acerca dos coñecementos previos de cada alumno/a.
- **Os instrumentos** a utilizar: a observación directa do traballo diario da clase, reproducir esquemas por escrito e fichas de avaliación para comprobar a adquisición de coñecementos.